



I CONCURSO DE IMAXE PARA A CREACIÓN DE TARXETA AGASALLO EASD MESTRE MATEO PARA O CURSO 2015-2016.

OBXECTIVO

O obxectivo deste concurso é seleccionar unha imaxe para unha tirada artística de como máximo 300 exemplares que será empregada como agasallo para empresas e entidades con fins non comerciais. As imaxes impresas irán numeradas e con certificado de autenticidade asinado pola autora ou autor.

PREMIO

Este concurso ten un único premio en efectivo de 700€. No momento da entrega do premio tamén se fará entrega de 5 exemplares encarpados da imaxe impresa á persoa gañadora do concurso.

TEMA

O tema da imaxe é libre. Non obstante, como á finalidade do concurso é ter unha imaxe para facer un agasallo dende a Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo a entidades e empresas colaboradoras, o xurado valorará que a imaxe sea representativa da Escola dende calquer ámbito: o seu entorno e localización, a súa historia, organización, identidade, a formación multidisciplinar que oferta, a cultura do deseño que tenta transmitir, etc.

PARTICIPANTES

Alumnado do presente curso e alumnado titulado nos dous últimos anos da Escola, de calquera especialidade.

A participación no concurso é gratuita.

ENTREGA

As imaxes presentaranse en formato dixital e en .jpg de alta calidade a 300 ppp e a tamaño 20x30 cm. O nome do arquivo será o lema ouseudónimo elexido pola autora ou autor.

A data límite para a entrega de imaxes será o luns 30 de Novembro de 2015 ata



as 14h. na Secretaría do Centro (pranta baixa, entrada por Rúa Virxe da Cerca).

A entrega realizarase baixo sistema de plica do seguinte modo: se entregará nun sobre grande. Este sobre debe ir rotulado cun lema ouseudónimo e no seu interior introduciranse:

- un **pendrive** titulado co mesmo lema ouseudónimo que conterá o arquivo de imaxe, que levará por nome o mesmo lema ouseudónimo,
- un **sobre** máis pequeno, tamén rotulado co lema e pechado, que conterá os datos da autora ou autor da imaxe: nome e apelidos, número de DNI, número de teléfono e correo electrónico.

Salvo no interior deste último sobre pequeno, non poderá figurar o nome ou logotipo da persona autora da imaxe en ningunha outra parte.

Unha vez rematado o concurso e coñecida a persoa gañadora do mesmo, os pendrives poderán ser recollidos por quen participou no concurso. Os pendrives estarán a disposición das persoas participantes dende o 7 de Xaneiro ata o 29 de Marzo de 2015 no despacho de Secretaría (pranta baixa). Pasada esta fecha a Escola se reserva o dereito de reutilizar os pendrives.

A persoa gañadora será notificada persoalmente e se dará a coñecer publicamente na páxina web da Escola e nas redes sociais, así coma no taboleiro de anuncios xunto á Secretaría non antes do 7 de decembro de 2015.

BASES

1. As obras deberán ser inéditas: non se poderá presentar ao concurso unha obra previamente premiada noutro concurso ou publicada, incluso en internet, en calquera medio ou rede social.
2. Cada participante pode presentar un número libre de imaxes, cada unha na súa plica.
3. As persoas participantes declaran ser autoras da obra presentada e posuír todos os dereitos sobre a mesma.
4. A persoa autora cederá á Escola de Arte Mestre Mateo os dereitos patrimoniais de reprodución, distribución e comunicación pública (Art.17 LPI) da obra fotográfica gañadora, en calquera tipo de soporte, durante



- dous anos, con exclusividade (Art.49 LPI), e nun ámbito nacional e internacional.
5. No seu caso, deberase contar coa cesión de dereitos de imaxe, por medio de consentemento expreso e inequívoco, de todas aquelas persoas que aparezan na imaxe de forma recoñecible. A Escola non se fará responsable de posibles demandas relativas á posible infracción de dereitos de propiedade intelectual de terceiros, ou a supostos de intromisión nos dereitos ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe.
 6. A persoa gañadora do concurso comprométese a asinar os certificados de autenticidade que acompañarán ás imaxes impresas.
 7. Haberá unha soa imaxe gañadora. A persoa autora da imaxe recibirá un premio de 700€.
 8. A Escola resérvase o dereito a que o premio quede deserto.
 9. O xurado estará constituído por profesorado da Escola e profesionais do mundo da imaxe.
 10. O dictame do xurado será inapelable.
 11. A Escola resérvase o dereito de substituír a calquera membro do Xurado se as circunstancias obrigan a iso.
 12. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases polas persoas participantes no mesmo.
 13. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.